

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION ORDINARIA DO 30 DE XANEIRO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Lago Rey, M^a Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)
Rodríguez Escudero, Cayetano (concelleiro do grupo municipal Socialista)
Figuroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día trinta de xaneiro do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como

Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno ordinario, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, abrimos sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(1).-ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIA DO 15.11 E ORDINARIA DO 28.11.2018).

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: extraordinaria do 15.11 e ordinaria do 28 de novembro do 2018.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(2).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2018. EXPTE. 20985/541 (REXISTRO PLENO 1952/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 29 de xaneiro de 20198, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (entrada en vigor o 1 de abril de 2018).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio

INFORME.-

I Ámbito subjectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP incorpórase o sistema de cálculo previsto no Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha

de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade

técnica ata o pago ou ata do último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendiente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo

menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 1040/2017e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINH en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2018.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2018 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro

contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	F.FAIMEVI
Paagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de paagos</i>				
Nº de paagos	2.697	105	56	12
Importe dos paagos	46.826.937.77	625.941.47	98.930.13	145.12
<i>Fora do período legal de paagos</i>				
Nº de paagos	18	0	1	1
Importe	4.472.79	.00	1.782.33	1.512.50
PMP (período medio de pago do trimestre)	12.82 días	13.07 días	13.21 días	204.83 días
Intereses de demora paagos no trimestre				
Nº de paagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Paagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de paagos</i>				
Nº de paagos	841	0	4	0
Importe dos paagos	10.738.194.51	.00	11.683.79	.00
<i>Fora do período legal de paagos</i>				
Nº de paagos	6	0	23	6
Importe	48.336.93	.00	24.833.52	23.854.18
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	7,78 días	0,00 días	33,98 días	1943,12 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Período	E. Local		XMU		F.MARCO		F.FAIMEVI	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
1º Trimestre	15.4	15.46	16.54	15.22	28.23	58.71	1.11	1842.6
2º Trimestre	17.5	13.57	21.33	4.58	36.09	34.97	39.43	2218.25
3º Trimestre	16.6	11.5	13.1	4.64	23.27	22.31	38.9	2335.76
4º Trimestre	12.82	7.78	13.07	0	13.21	33.98	204.83	1943.12

En contías e nº de pagos

Período	Entidade Local				Xerencia M. Urbanismo	
	Dentro do PP		Fora do PP		Dentro do PP	
	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe
1º Trimestre,2018	4.984	32.557.430,79	0	,00	70	218.598,58
2º Trimestre,2018	3.722	30.295.993,68	10	15.793,80	90	363.237,51
3ºTrimestre, 2018	1.897	37.032.764,54	6	112.602,00	67	246.197,79
4ºTrimestre, 2018	2.697	46.826.937,77	18	4.472,79	105	625.941,47
Total	13.300	146.713.126,78	34	132.868,59	332	1.453.975,35

Período	Fundación MARCO				Fundación FAIMEVI			
	Dentro do PP		Fora do PP		Dentro do PP		Fora do PP	
	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	importe
1º Trimestre	18	15.195,68	14	7.596,89	13	174,20	0	,00
2º Trimestre	88	94.186,65	72	77.787,06	14	2.693,51	5	4.946,48
3º,Trimestre	57	66.721,99	26	49.116,94	25	2.826,61	5	4.946,48
4º Trimestre	56	98.930,13	1	1.782,33	12	145,12	1	1.512,50
Total	219	275.034,45	113	136.283,22	64	5.839,44	11	11.405,46

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 1040/2017

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 1040/2017)

En días para todo o perímetro de consolidación, ano 2018.

PMP , Real Decreto 635/2014, 1040/2017, ano 2018												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril ¹	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	13,34	14,28	10,91	12,16	9,93	7,40
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	34,29	64,49	109,34	52,96	85,82	58,69	83,31
MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	19,16	27,32	16,38	15,75	7,41	26,63
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	8,16	2,62	6,06	8,29	7,63	9,80
PMPGlob.	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	13,32	14,28	10,89	12,18	9,91	7,48

Por contías, para a Entidade, Organismo Autónomo e Fundacións, ano 2018.

Meses	Entidade			X.M.Urbanismo			F.MARCO			F. FAIMEVI		
	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP
	Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago	
Xaneiro	13.825.781,59	2.357.487,86	-15,16	110.322,15	5.887,94	-10,57	7.002,45	34.887,27	10,27	77,40	4.827,90	28,92
Febreiro	8.969.584,14	2.511.866,47	-13,27	39.216,02	27.391,03	-23,49	7.596,40	42.817,95	10,65	48,40	4.827,90	56,99
Marzo	9.685.980,42	2.162.301,14	-14,05	69.060,41	56.566,54	-15,44	8.193,32	48.597,77	25,83	48,40	4.975,45	85,10
Abril	11.248.304,60	1.009.554,87	11,39	129.686,79	36.246,65	10,76	61.726,07	28.655,08	40,87	5.023,85	1.754,50	87,11
Maio	7.216.639,42	6.751.936,14	9,37	41.317,34	131.219,65	15,21	88.801,95	7.930,21	18,44	2.567,74	1.754,50	2,04
Xuño	11.803.236,80	4.632.510,96	12,54	192.413,38	8.143,30	12,23	18.689,95	17.825,88	34,07	48,40	1.754,50	34,29
Xullo	14.604.593,21	2.724.614,45	13,34	113.343,03	22.451,93	8,16	34.079,79	20.753,26	19,16	48,40	1.754,50	64,49
Agosto	12.425.993,87	1.560.657,35	14,28	43.718,27	45.336,44	2,62	68.251,60	1.265,64	27,32	48,40	1.512,50	109,34
Setemb.	10.097.030,73	1.095.320,65	10,91	89.133,49	22.119,50	6,06	13.507,54	12.929,36	16,38	48,40	3.206,50	52,96
Outubro	11.152.016,98	2.255.747,44	12,16	40.733,39	22.340,95	8,29	58.309,71	19.236,61	15,75	48,40	3.206,50	85,81
Novemb.	12.828.946,62	3.652.788,55	9,93	104.833,73	89.077,55	7,63	64.414,91	37.922,85	7,41	48,40	7.545,68	58,69
Decemb.	22.833.714,33	10.665.161,89	7,40	480.374,35	,00	9,80	16.921,04	36.517,31	26,63	1.560,90	6.154,18	83,31
Total	146.691.823			1.454.152			447.495			9.617		
Pmp												

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

1 Cálculo segundo o RD 1040/2017, a partires deste mes, inclusive

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 635/2014, unha vez computados os días de pago, restaballe 30 días, polo que, se o pago se facía nun prazo inferior a 30 días, o resultado era negativo. Agora o RD 1040/2017, non resta, polo que, o cómputo faise desde a data de dies a quo ata o pago ou ata o último día do período de análise.

A lectura da información ata o mes de abril para os días negativos, consistía en computar os días e restarlle 30. Ao número de días negativo se lle sumaba 30 e determinábase os días de pago. O RD 1040/2017, o fai directamente, xa que non deixa transcorrer os 30 días dende a entrada da factura no rexistro, senón que computa días desde a conformidade da mesma ou dende o rexistro segundo os casos.

En canto aos pagos pendentes a 31 de decembro, ao día de emitir este informe, dos pendentes de débeda comercial, atópanse pagados.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.01.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso efectivamente para dar conta do pago a provedores no último trimestre do ano 2018, do ano pasado, polo tanto, que permite ademais facer balance do cumprimento e do liderazgo que ten o Concello de Vigo nos prazos de pagos a provedores dentro do contexto de Galicia e do contexto do Estado español.

Hai que lembrar que este balance de pago medio a provedores faise dentro dos capítulos II e VI do orzamento, é dicir, dentro das contratacións que se fan con cargo aos orzamentos municipais deste Concello de Vigo e que amosan un pagamento a provedores ao longo do ano 2018 de máis de 146 millóns de euros, todos eles pagados en tempo, forma e en prazo e dentro como dicía da primeira posición dos concellos de toda España, polo tanto, diante das capitais de provincia,

diante das capitais de comunidade autónoma e por diante tamén das cidades de máis de 100.000 habitantes que son capitais de provincia ou de comunidade autónoma, é dicir, unha situación que amosa a solvencia do Concello de Vigo, a solvencia das contas públicas do Concello de Vigo que evitan tensións de tesourería ás empresas porque fan un pagamento pronto dos pagos debidos nos contratos de bens e de servizos e tamén nos contratos de investimentos que se fan coas empresas que contratan co Concello de Vigo e polo tanto, cun correcto funcionamento da caixa do Concello de Vigo, da Tesourería do Concello de Vigo e dos procedementos de pago do Concello de Vigo.

Hai que lembrar que este cómputo se fan dun xeito indubitado posto que dende que entra a factura no rexistro telemático de factura comeza a computarse ese prazo, ese prazo no mes de decembro do ano 2018 foi de 7 días, iso significa que os provedores do Concello de Vigo cobran nunha semana mentres que a media nacional das corporacións locais está en 59 días, polo tanto, mentres que noutros municipios do contexto de España os provedores, as empresas, cobran en 60 días, no caso de Vigo no mes de decembro 7 días, no mes de novembro 9 días, polo tanto, uns tempos extraordinariamente rápidos para evitar esas tensións de tesourería e para dinamizar a economía, o tecido económico que fai que as empresas conten con Tesourería para precisamente facer máis operacións non no Concello de Vigo pero si no contexto económico no que nos atopamos.

Polo tanto, o Concello de Vigo neste caso é a locomotora non só de Galicia senón a locomotora tamén dos restos das corporacións locais de toda España, hai que pensar que das máis de 8.000 corporacións locais que hai en toda España tan só 109 cumpren nun prazo de 30 días, sendo Vigo a Corporación local que encabeza digamos ese prazo de pago a provedores como dicía nun prazo extraordinariamente áxil, breve para as empresas pero tamén para os servizos municipais que verifican o cumprimento das condicións contratadas e que fan os pagos nun tempo como dicía extraordinariamente rápido para evitar esas tensións de tesourería ás empresas.

Se facemos como dicía un repaso ás principais cidades de España, Barcelona no mes de novembro por exemplo que é o último do que hai datos comparables, pagaba en 13 días, Vigo en menos, Madrid en 20 días, Sevilla en 42 días, Valladolid en 12 días, Valencia en 30 días, Málaga en 17 días, as Palmas en 45 días, Zaragoza

en 20 días, é dicir, as cidades máis poboadas de España pagan en moitos máis días de prazo que o que fai o Concello de Vigo, hai que dicir que no contexto de Galicia, A Coruña paga en 32 días, Santiago de Compostela en 60 días, Ourense en 65 días, o que dito doutro xeito, mentres Vigo paga nunha semana A Coruña paga en 4 semanas e media, Ourense en 9 semanas, Santiago en 8 semanas, e Pontevedra en 4 semanas, polo tanto, tempo de pagos que demostran que somos unha administración eficiente, áxil, eficaz, que vela polas empresas, polo tecido económico, unha Corporación, un goberno que amosa que somos a locomotora de Galicia e de todo España, como dicía no contexto do ano 2018, liderando o ránquing de pago a provedores de tódalas corporacións locais, máis de 13.000 pagos efectuados no ano 2018 e máis de 146 millóns de euros de pagos a provedores, pagados todos eles cos fondos deste Concello de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós cremos que este debate sempre o temos, cremos que é un bo dato, indubidable que é un bo dato, ademais creo que é un bo dato que sexan precisamente os grandes concellos deste país os que están levando adiante unha redución importante do período medio de pago, entre outras cousas porque son os que concentran o maior número de pagos nas entidades locais, ademais aínda que os datos comparables a día de hoxe, obviamente hai uns datos cun diferencial importante entre os grandes concellos como poden ser Barcelona ou Madrid e o período medio de pago do Concello de Vigo non hai que esquecer de que posición se partía ao inicio da lexislatura e incluso cales eran os datos no ano 2010 ou 2011, onde a media incluso superaba os 150 días de pago e había concellos incluso que estaban por enriba desa media e incluso a punto de ser intervidos pola administración por problemas deste tipo, hoxe en día os grandes concellos, polo menos, a súa maioría están dentro dese ratio ou tentan estar dentro dese ratio cando menos dos 30 días a partires da chegada da factura, nós ese dato é un dato importante, certo que no ano anterior no 2017 a esta altura, neste cuatrimestre estábamos non 6,86 días, hai un incremento pequeno respecto ao ano pasado, pero é certo que tamén os importes son sensiblemente maiores e nós non imos entrar nesa cuestión, si que queríamos facer algunhas puntualizacións a futuro porque o que é o Auditorio Mar de Vigo estar nun período medio de pago, neste caso do período medio pendente de pago de 1.943 días, é

certo que os importes son ridículos pero a partires de agora comezaremos a asumir directamente o Concello de Vigo moitos pagamentos do Auditorio Mar de Vigo e obviamente terá que haber algunha xestión para intentar saber porque se dispara desa maneira tan brutal o período medio de pago e o período medio pendente de pago do trimestre, que son dúas cuestións que a nós nos gustaría que se foran abordando a medida que tiñamos que asumir dende o momento que ese organismo autónomo forma parte do Concello de Vigo, pois eses pagos que superan pois en porcentaxes moi altos o que son as medias do Estado, tamén está a cuestión do Marco, os 33 días do Marco, a nós nos seguen parecendo ademais é algo que reiteradamente aparece neste informe, pois os 33 días de pagamento do Marco que están por enriba do ratio legal e pois que debería tamén asumirse, ou polo menos tamén entendendo que tamén dicimos que son pagos ou son importes económicos pequenos si que a futuro se se quere ou como vostedes nos están sempre dicindo que o Marco vai ter un renacer das cinzas pois cando menos que esas cuestións se axusten. E logo esta cuestión que a nós nos parece importante, nós sempre dixemos que non era unha carreira, non hai ningún premio por ser o que nos di que cumpramos a lei e obviamente esteamos por debaixo deses ratios brutais que ademais teñen que ver coa política de privar de autonomía financeira aos concellos, eu creo que hai un castigo con respecto aos concellos no que son os pagamentos e hai un deixar facer ás administracións autonómicas e incluso ás deputacións provinciais e creo que os concellos deberían de ser, cando menos, os que tiveramos unha reforma fiscal porque moitas veces os atrasos nos pagos teñen que ver cos problemas de Tesourería que van derivados de que sexan os parentes probes da transición e que nunca se tivera en conta cal ía ser o papel dos concellos na arquitectura institucional, a nós nos gustaría tamén que non se fora rápido se hai dúbidas sobre as cuestións dos servizos ou dos bens que recibe o Concello de Vigo, porque eu espero que non se lle pagara a Dornier estes meses porque hai un incumprimento grave do prego que comezou a correr no mes de agosto, calquera persoa que lera o que Dornier, a concesionaria da ORA puxo como melloras no contrato, incluso cunha serie de servizos análogos ao da ORA que non están, e polo tanto, se as primeiras facturas de Dornier xa están pagadas, xa digo que está a pagar algo que non existe comezado polos vehículos motorizados, polos puntos de carga dos coches eléctricos e polo tanto as veces

esa presa simplemente por sacarnos un dato aquí significa que os recoñecemento e o sego a dicir, eu creo que se están pagando facturas de servizo que este Concello non se fai que se pagan cuestións que non se auditan e mentres non haxa unha comisión que avalíe a factura, o servizo que poidamos tódolos grupos municipais saber se realmente se pode pagar esa factura porque está acorde ao servizo ou ao prego concesional, pois albergaremos todas esas dúbidas porque aquí nesta cuestión transparencia cero, este grupo municipal pediu unha serie de documentación sobre a concesión da ORA e case un mes estamos esperando para que se nos entregue para poder ver se efectivamente estamos pagando o que realmente se está revertendo no conxunto da cidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros, volvo a insistirle, vostede pode seguir dándose tódolos golpes no peito que queira, dicir que son os máis rápidos de España, pero que saiban que non nos cremos en absoluto nada das súas contas e por iso xa anunciamos que imos levar as contas do Concello ao Consello de Contas por falsear a contabilidade do Concello, algo que é grave Sr. Alcalde e Sr. Interventor e Sr. Secretario porque para o que é o colmo e o pode entender calquera é que para pagar o rescate do Auditorio Mar de Vigo, eses 35 millóns de euros a maiores que houbo que pagar, o último pago que houbo que facer antes 31 de decembro, tiveran que pintar como ingreso a futura venda do edificio do Rectorado á Zona Franca, cando ata o día 14 de febreiro esa futura venda aínda está en período de alegacións para a desafectación do uso e despois aínda hai que cambiar o uso urbanístico e logo ten que ir a Xunta de Goberno e ao Pleno municipal, ou sexa que isto é como o conto da leiteira, xa contabilizan como ingreso eses 5,6 millóns para facer filibusterismo, para maquillar as contas e por iso para pintar tamén un escenario idílico que non nos cremos, e como xa non nos cremos absolutamente nada porque vostedes son capaces de absolutamente todo, pois nós imos levar as contas do Concello ao Consello de Contas porque son irregulares, estes artificios contables son irregulares, pero van ir máis rápido Sr. Alcalde, vostedes van demasiado de listos, veulle moi mal a maioría absoluta, Sr. Alcalde, eu non sei se a concesionaria que lle pagaba á cuñada da Sra. Silva tamén lle pagaban tan rápido, xa o veremos máis adiante a ver si a Sra. Presidenta da Deputación que hoxe nos honra aquí coa súa presenza a ver se nos conta algo de como se pagaba, se era

rápido, se era máis amodo a esa concesionaria municipal que logo lle pagaba sen vir a traballar porque se viñera a traballar non importaba, vostede conte o que queira.

Como non nos cremos absolutamente nada de todo isto, nos parece unha vergoña, un escándalo, unha tomadura de pelo, tamén o Alcalde dicía que o Sr. Montoro era o problema e que ía a ir a Madrid a resolver o pago da utilización do superávit e xa pasaron 8 ou 9 meses e aínda seguimos esperando por esas reformas anunciadas do goberno do Sr. Sánchez, por iso como todo é mentira, como vostedes son os magos da manipulación, do maquillaxe, nós imos levar estas contas ao Consello de Contas e tamén que Vigo ten que saber a verdade e Vigo dentro duns meses terá que decidir se quere seguir cun goberno populista, onde reina o clientelismo, onde parece que vostedes son os propietarios, onde cren que estes cartos que son dos vigueses, cren que é seu, da súa empresa e fan de desfan como vostedes lle ven en gaña ou ben unha forma diferente de gobernar, dándolle o protagonismo aos vigueses que son efectivamente quen os ten e nós somos os seus humildes representantes, vostedes son a viva imaxe dun goberno que se derruba, vostedes sempre de risas e festas pero ao final quen ten a tixola polo mango é todos e cada un dos vigueses, un máis un máis un, non ese populismo, non ese agregado que vostedes cren, vaian por aí que lles irá moi ben.

SR. ANEIROS PEREIRA: En primeiro lugar, e moi brevemente, agradezo o ton positivo de Marea de Vigo que se sumou despois de moito tempo a este ton positivo de valorar o pagamento en prazo, de valorar o pagamento en pronto aos provedores deste Concello, pero mire, dúas puntualizacións a primeira, falaba vostede do Auditorio non sei se inconscientemente, creo que podería estar falando dunha axencia intermunicipal da enerxía que forma parte do perímetro de consolidación, pero mire, tamén outra puntualización moi breve, non se fan pagos a quen non cumpre, este Concello non fai pagos a quen non cumpre, os servizos municipais son a primeira auditoria dos servizos das contratacións que se fai neste Concello, polo tanto, a quen non cumpre non se lle fai o pago da factura que presenta, por certo, algunha empresa que vostede citaba non cobra deste Concello.

Pero miren, o que é máis grave, e refírome agora aos señores/as do Partido

Popular, os creadores desas indemnizacións en diferido e os creadores deses artificios contables do exministro xa, afortunadamente, o Sr. Montoro, que nos digan que non cren nas nosas contas, ou sexa, o Partido Popular agora renega das institucións, dos mecanismos de control que todos nos dotamos, pero mire o que é significativo desta moción é que vostede mesmo defenda esta contestación e non o faga a líder do seu partido porque sabe que tecnicamente os seus argumentos son insostibles, mire, vostedes non sabe que a Lei de facendas locais xa fala de que os concellos temos que remitir as contas ao Consello de Contas, xa o facemos nós, non se preocupe que xa o facemos nós pero o que é grave politicamente pero tamén xuridicamente é falar de falseamento de contas, o que é grave xurídica e politicamente é falar de falseamento de contas, vostede non sabe que hai unha normas internacionais de contabilidade, que inspiren o noso Plan Contable Xeral Contable de contabilidade pública, que fala dun principio que é o de devengo, segundo o cal os dereitos se computan cando nacen e feita unha venda é obrigatorio computar ese ingreso, dio o Plan de Contabilidade Pública e dio tamén, léase Sr. Fidalgo, e léase tamén e volva a estudar a oposición Sra. Muñoz, o artigo 163 da Lei de facendas locais que di que os ingresos se computan cando se xeran os dereitos que fan a obriga, polo tanto, nós facemos todo dentro da legalidade por moito que a vostedes lles pese, velando sempre polos intereses da cidadanía, velando sempre polos intereses da cidade e non admitimos acusacións falsas como as que fan vostedes en ningunha conta, sempre nos movemos dentro da legalidade, sáibano.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Os seis membros asistentes do grupo municipal do Partido Popular neste intre (nove horas e vinte e nove minutos) abandonan o Salón de Plenos.

MOCIÓNS:

3(3).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO, INSTANDO Á XUNTA A CESIÓN DO VIAL PO-330 (AV. CASTRELOS) E A SINATURA DUN CONVENIO PARA A URBANIZACIÓN COMPLETA DA ZONA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1956/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2019, número 1956/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A situación das beirarrúas e o entorno do treito inicial da PO-330 (Avda de Castrelos) é unha clara mostra da desigualdade entre os barrios da nosa cidade en canto ao estado das infraestruturas e a dotación de mobiliario urbano, como é o caso da iluminación pública.

Esta situación, entre outros factores, ten moito que ver coas competencias das diferentes administracións que actúan nesa zona e os moitos anos que a definición ou a toma de responsabilidades das mesmas está demorando, mantendo á veciñanza e aos/ás comerciantes a vivir nun barrio onde polas noites apenas hai luz porque non hai espazo para colocar un farol, ou a beirarrúas tan estreitas que nin unha cadeira de rodas nin un carro de bebé poden pasar por elas.

A Asociación de Comerciantes de Pereiró (ACOPE) leva máis de 5 anos denunciando esta situación, e solicitando, tanto na Xunta coma no Concello de Vigo, a realización das xestións necesarias para clarificar as competencias de cada Administración sobre os terreos que ocupa o treito inicial da PO-330 (Avenida de Castrelos) para que sexa posible executar as obras de urbanización que precisa o barrio. A propia asociación xa se ten reunido co Goberno local de Vigo, e este ten asumido compromisos cara a darlle unha saída cara a corrixir as deficiencias, mais, ao non estar aínda cedido o vial cara ao Concello, as obras non poden realizarse.

É preciso por tanto que, por unha banda, a Xunta comece xa a redacción do convenio para a cesión do vial, e o Concello se comprometa a levar a cabo, de ser necesarias, as expropiacións que correspondan, deixando de escudarse ambas administracións nestas cuestións, que só amosan unha clara falta de vontade, ningunha das dúas Administracións implicadas teñen feito acción ningunha que implique solucionar o problema, mantendo este barrio en condicións lamentables.

Marea de Vigo tamén quere incidir na idoneidade dos fondos EDUSI para a súa aplicación neste ámbito, cumprindo os requisitos en materia de mobilidade sostible, accesibilidade nos barrios, así como outras fórmulas de inversión sostible que conteñen estes fondos europeos.

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar os seguintes

ACORDOS:

- 1 - Instar á Xunta á cesión do vial ao Concello e á sinatura dun Convenio para a urbanización completa nunha sola actuación.
- 2 -Adicar unha parte dos fondos EDUSI nesta actuación, por cumprir correctamente cos requisitos en canto á accesibilidade no barrio.
- 3 - Realizar un estudo de mobilidade para os viais da zona ante a alta densidade de tráfico actual xerado por ser unha vía de acceso ao Hospital Álvaro Cunqueiro.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Non é un tema que non viñera xa sucesivas veces xa non a este Pleno senón que tamén foi ao Parlamento de Galicia, polo que sabemos impulsado polo Partido Popular e nos queremos facer unha reflexión, ademais agora que veñen uns meses trepidantes de carácter preelectoral e que haberá moito movemento deste tipo, das cuestións que se levan adiante por parte das administracións, das cuestións que se levan adiante tamén en canto a debate político e hai unha cuestión que para nós é esencial que é dalgunha maneira tentar na medida do posible, eu podo entender que o Alcalde decidiu poñer axenda ás 10 da mañá, a min a axenda do Alcalde preocúpame ben pouco, pero si que nos gustaría que polo menos o Pleno puidera continuar cun pouco de tranquilidade porque os baleiros de poder moitas veces non son bos e tamén os desplantes que

se fan a este instrumento de vontade popular por parte do Alcalde non nos gusta, gustaríanos que cando menos nos axendara nada durante o período que dura o Pleno, non vai a ser un Pleno longo, o Pleno de Vigo vai a ser isto, polo tanto, gustaríanos que se recoñecera a lexitimidade do Pleno porque non vai a ser que como algúns apoian en Venezuela algúns nos autoproclamemos, aproveitando ao baleiro de poder, alcaldes de Vigo, creo que é un desplante por parte do Alcalde evidente e obviamente o Partido Popular tomará a súa decisión pero nós imos considerar que o Pleno ten que continuar independentemente que se intente non render contas nel, queremos ademais que se fale dunha cuestión que ven enchendo mocións e debate político e ademais como un exemplo claro, palpable, conciso, do que significa o agravio comparativo dos investimentos públicos e dos acordos que tamén toma este Pleno, que toma a Xunta de Goberno con respecto a algunhas parroquias e o que ten que ver coa situación que vive a contorna da Avenida de Castrelos, no entorno de Pereiró e o que ten que ver tamén con ese choque de trens organizado que ten sistematicamente a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, ademais o que ten que ver cunha cuestión que para nós deberíamos analizar algunha vez politicamente e non partidariamente que é a figura dos convenios, este Concello parece que só lle da importancia aos convenios entre a administración local e as entidades privadas, as asociacións deportivas, as asociacións de veciños, os colectivos culturais, esa figura do convenio que nunca foi pensada, o convenio entre unha administración pública foi pensada para facelo prioritariamente con entidades privadas senón que a figura do convenio pensouse para que entre administracións públicas chegaran a acordos sobre competencias ou para infraestruturas que eran cando menos infraestruturas que tiñan compartidas, polo tanto, que este Concello sexa capaz de facer moitos convenios con administracións, con entidades privadas pero cando se trata de Xunta de Galicia ou cando se trata de algún organismo destas características haxa todo tipo de dificultades a nós nos preocupa, porque ademais a Xunta de Galicia é capaz e outros concellos, independentemente da cor política, para estas cuestións son capaces de asinar convenios, non teñen ningún tipo de problema e polo tanto, teremos que analizar cal é a situación. Estamos nunha zona onde actúa un tramo da PO-330 que é competencia autonómica e outra parte onde obviamente actúa non só a administración local senón tamén as cesións que teñen que facer algúns

veciños, estamos a falar dun entorno que é imposible acometer, dende o punto de vista de dúas administracións, que cada unha faga a súa parte, polo tanto o que pedimos nesta moción é que a Xunta de Galicia de carácter ademais inmediato ceda o vial ao Concello de Vigo e nós non compartimos que ese vial teña que ser humanizado senón porque humanizaría a Xunta de Galicia cun proxecto unha parte, e o Concello de Vigo outra parte, poderían ser dous proxectos incluso a nivel urbanístico non complementarios, o que pedimos é a cesión e automaticamente tamén un convenio de colaboración e polo tanto responsabilidade económica por parte da administración autonómica e a parte que lle corresponde ao Concello de Vigo, ademais foi así no 2008 para a parte do trazado e do que era o firme, houbo un convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello, e adicar unha parte dos fondos estruturais europeos tamén nos barrios, non tódolos fondos europeos teñen que papalos por así dicilo ao centro da cidade, por que? Porque ademais é unha zona de alta densidade de tráfico cada vez máis derivado do Álvaro Cunqueiro e non hai outra fórmula que o convenio entre as dúas administracións, asumir as dúas responsabilidades e polo tanto os importes económicos de cada unha e solventar unha demanda histórica dos veciños en vez de darnos recados no Parlamento e no Pleno.

PRESIDENCIA: Polo Partido Popular parece que non hai ninguén.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Sr. Pérez, eu con esta moción estráñame un pouco que presenten vostedes esta moción agora cando se tratou no mes de outubro e logo o Partido Popular presentou tamén unha pregunta sobre o tema, o primeiro que ten que ter claro e que si fora unha rúa municipal estaba humanizada hai moito tempo o que pasa que a vostedes lles debe de dar vergoña o de pedir á Xunta de Galicia, vostedes o único que fan en Vigo é que pague Vigo, no ano 2008 asinouse un convenio coa Xunta de Galicia, investiu 8 millóns de euros en dous viais, na Avenida da Florida 4,4 millóns e 3,6 millóns na Avenida de Castrelos ata o cruce coa Avenida de Alcalde Portanet, eses dous viais se asinaron e o que fixo a Xunta de Galicia foi poñelos cartos, a totalidade do investimento, os 8 millóns e na Avenida de Castrelos puxo os 3,6 millóns na súa totalidade, o que fixo o Concello foi facelo proxecto, foi contratar a obra e unha vez rematada a obra se lle entregou

a certificación á Xunta de Galicia que a recepcionou e no ano 2010 xa co cambio de goberno foron entregados os dous viais ao Concello de Vigo, medo a asinar convenios ningún, non será que un problema de que a Xunta de Galicia non quere asinar ningún convenio para arranxar nada en Vigo, porque a realidade é, vostede preguntou ou pode dicirme cantas rúas humanizou ou cantas obras fixo a Xunta de Galicia dende o ano 2009? porque as últimas que nos lembramos son esas dúas, feitas polo goberno do Sr. Touriño e contratadas polo goberno do Sr. Touriño e conveniadas co Concello de Vigo, esa é a realidade, parece que lles da vergoña pedir á Xunta de Galicia, pídanlle á Xunta de Galicia, o Partido Popular na moción do Pleno de outubro di que tiña 300.000 euros, que había no ano 2018 para humanizar esta rúa, oia con iso fan nin un terzo, fan 80 metros de humanización, esa é a realidade, pidan vostedes instar á Xunta de Galicia que sexa a que faga a obra, o Concello de Vigo os terreos municipais que abranguen toda a zona de Castrelos cédeos, non ten problema, pero que expropie a Xunta de Galicia, que faga o seu traballo, tanto lles custa pedirlle á Xunta de Galicia que fagan o seu traballo, que expropien, que humanicen e logo que accedan ao Concello e o Concello non ten problema en asfaltar ou en facer a súa parte, sempre o fíxoo e quero lembrarlle, se fora unha rúa municipal hai moito tempo que estaba humanizada, moitos anos. Por certo, na súa moción eu quero dicirlle que estamos de acordo en que se humanice, estamos totalmente de acordo o que non podemos é votar a favor dunha moción onde nos falan dos fondos EDUSI, cando vostedes saben que foron no ano 2016 xa foi o proxecto presentado e resolto, xa están asinados, no ano 2016, en decembro do 2016 as actuacións xa están enmarcadas, non temos nese momento se fixeron unha serie de actuacións e se marcaron e nos outorgaron esas cantidades, en decembro do 2016, en determinados ámbitos e en determinados proxectos, en non poden ser modificados, e na última parte no punto terceiro da súa pregunta que me está dicindo? Que foi unha chapuza a instalación do hospital privado en Beade, que foi unha chapuza que non se fixera un estudo dos viais, que non se fixo o sistema de mobilidade correspondente para un gran hospital, iso é o que se fixo? E por que non llo di vostede á Xunta de Galicia? Ten vostede unha manía? Vostede está con que pague Vigo, non dígalle á Xunta de Galicia, propóñallo á Xunta de Galicia e dígalle, oia o fixeron mal, corríxano.

Nós, Sr. Pérez, estamos de acordo en que se humanice a rúa e lle presentamos unha emenda de substitución, voulle dicir “in voce” e logo entrégolla por escrito, que é “instar á Xunta de Galicia a levar a cabo as expropiacións, humanizar e ceder ao Concello de Vigo a PO-330 da Avenida de Castrelos” porque o EDUSI non se pode votar a favor tal e como o propoñen porque non sería legal. E, oia, o estudo de mobilidade, que nolo entreguen ao Concello e non se preocupen que xa faremos tódolos estudos que fagan falla, pero partindo da base de que quen fixo mal o hospital e que non fixo o estudo de mobilidade foi a Xunta de Galicia.

SR. PÉREZ CORREA: Precisamente como intuíamos gran parte deste debate e nós queremos explicar por que pedimos un convenio e por que poñemos enriba da mesa a cuestión central do convenio e que nós o que queremos non é só que a Xunta de Galicia ceda un vial a custe cero como está propoñendo NOS, é dicir, temos medo de instar á Xunta de Galicia, instamos á Xunta de Galicia a cesión do vial pero por que pedimos que asine un convenio porque queremos que poña cartos enriba da mesa e por que ten que ser esa fórmula? Por que nós entendemos que quen ten que ter a titularidade dese vial é o Concello de Vigo porque vai a ser o Concello de Vigo o que poña o servizo enriba, porque se vostede o único que queren é un vial humanizado pero logo non vai haber colectores de lixo e redes separativa de determinados residuos, se vostedes van ter unha iluminación deficiente se ao final Parques e Xardíns non van a actuar nas poucas ou moitas zonas verdes que se poñan por iso existe esta figura do convenio, nós non vemos outro mecanismo, se vostedes o único que queren é que a Xunta de Galicia ceda un vial, un vial como digo humanizado pero é que non é só esa cuestión do vial, vostedes entenden humanizar como unha cuestión estritamente, por iso nos discrepamos do modelo de humanización ademais do custe de metro cadrado que ten unha humanización con respecto a unha actuación doutro tipo, pero se vostedes entenden humanizar como estritamente o que é a rúa e a beirarrúa, hai moitas máis cuestións, polo tanto, nós seguimos pensando como solución o convenio para que a Xunta de Galicia quede amarrada na achega de cartos porque senón pasará o de sempre, se asina a cesión do vial e o vial non ten ningún tipo de actuación económica por parte da Xunta de Galicia e nós consideramos que hai unha responsabilidade, o estudo de mobilidade, a mobilidade é unha competencia

do Concello de Vigo, vostedes decidiron adiantar e propoñer e poñer enriba da mesa unha rapidez brutal para que ese hospital estivera en Vigo a cambio dun chalaneo nos orzamentos do Concello de Vigo do ano 2014, Partido Popular e Partido Socialista inclúen unha serie de actuacións que permitían adiantar o proceso e nós naquela altura incluso os que estábamos fora desta Corporación dixemos se aquí a cambio dos cromos do orzamentos facilitamos o hospital de Beade, polo menos que as dúas administracións fagan o estudo de mobilidade, calquera veciño de Castrelos lle pode dicir como é a mobilidade de hoxe en día, pero é que o estudo de mobilidade dun hospital vostedes saben que transita gran parte dos tráfico no interno da cidade de Vigo, incluíndo á xente que ven por vías incluso como é o barco de Cangas, non tódolos veciños/as de Cangas van a POVISA. Polo tanto, o estudo de mobilidade cando vostedes van a facer unha actuación deste tipo terá que facelo o Concello de Vigo, se existe ese estudo de mobilidade serio e rigoroso gustaríanos sabelo porque reiteradas veces temos falado desa cuestión, a cesión sen que a Xunta de Galicia quede amarrada polo convenio, a nós non nos vale, xa vimos cesións de viais por parte da administración autonómica e sen achega económica para levalos a cabo.

PRESIDENCIA: Entendo que non acepta a emenda de substitución. Non se acepta.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2019 (Rex. Nº 1956/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4(4).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, MANIFESTANDO O REXEITAMENTO DESTA CORPORACIÓN AO PROXECTO DE LEI DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA 2019, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1959/1101.

Retirada por atoparse ausentes os membros do grupo municipal do Partido Popular.

5(5).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA A CUMPRIR COAS SÚAS OBRIGAS, IMPLANTAR UN PLAN DE CHOQUE URXENTE COA FORMACIÓN PROFESIONAL DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1960/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2019, número 1960/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Vigo ten a maior demanda de formación profesional de Galicia e unha das máis importantes de España, dado o peso de sectores como a automoción, o naval ou a pesca, entre outros ámbitos adicionais.

A formación profesional é unha ensinanza regrada que debe ser financiada integramente pola administración competente, a Xunta de Galicia. Así o determina o propio Estatuto de Autonomía no seu artigo 31.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

-Instar a Alberto Núñez Feijóo a cumprir coas súas obrigas como presidente da Xunta.

-Instar á Xunta a implantar un plan de choque urxente coa Formación Profesional de Vigo, utilizando as instalacións das que xa dispón.

-Instar á Xunta a poñer en marcha o campus de FP necesario para a cidade de Vigo, de forma que o goberno galego cumpra coas súas exclusivas competencias en materia educativa.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Toca falar dun tema que lle importa aos vigueses, toca falar dun tema político e relacionado coa educación que como digo interesa aos vigueses, o que pasa é que moi significativo os asentos que temos baleiros, e os asentos que temos baleiros do Partido Popular obedecen a unha cobardía política, a unha escusa que estaban a buscar para querer ausentarse deste Pleno e para que os vigueses/as saiban que nada do que importa neste Pleno e lles importa a eles, lle importa ao Partido Popular, a súa ausencia así o di e o que é evidente é que non nos van a enganar porque a ausencia neste momento é pola súa incapacidade inclusive para defender o que eles trouxeron a este Pleno e son incapaces de defender a moción que decaeu anteriormente e son incapaces de defender a política carroñera que se baseaba nunha moción da comparecencia, polo tanto, ningún nos pode dar leccións, primeiro, lexitimidade para presidir este Pleno en canto a legalidade a ten o Alcalde e os Tenentes de Alcalde, aquí non hai ningún baleiro de poder, hai unha legalidade e unha lexitimidade, polo tanto, este Pleno se desenvolve en condicións absolutamente normais, só aqueles que non queren falar sobre o que lle importa aos vigueses sexa o campus de FP, sexa a biblioteca, sexa o que se trae a este Pleno son os que se ausentan, pero insisto non nos van enganar, é a súa propia incapacidade para defender o que realmente interesa aos vigueses e polo tanto, así lles vai, e leccións de moral ningunha, o Sr. Feijóo comparece no Parlamento escasamente no debate de Estado de Autonomía e lembro que o presidente o Sr. Rajoy, presidente do Partido Popular, de aqueles que

se ausentaron o día que se discutía a moción de censura foise de copas e de cena, polo tanto, leccións absolutamente ningunha, nós imos a falar do que lle interesa aos vigueses, e aos vigueses lles interesa ter un campus da Formación Profesional, porque cando se debaten as competencias coa Xunta de Galicia sempre hai o mesmo problema, sempre se trata de legislar para que paguen os demais e o que nós aquí nesta moción pedimos nun tema tan importante como é a educación, nun tema tan importante como é a Formación Profesional e simple e sinxelamente que o presidente da Xunta de Galicia e o seu goberno asuma o artigo 31 do Estatuto de Autonomía, que di literalmente que “as competencias en materia de educación son plenamente do goberno de Galicia”, polo tanto, é verdade que asistimos a un continuo recorte en materia de Educación neste últimos anos, nos gobernos do Partido Popular, non o di nin este voceiro nin este grupo, dio toda a sociedade, dino os sindicatos, dino os profesores, as AMPAS, os partidos políticos da oposición, e aínda en materia de formación profesional a situación é especialmente grave, e especialmente grave porque afecta ao emprego, porque afecta á inserción laboral e son os propios sectores empresariais os que se queixan da falla de profesionais e isto ditamina claramente que hai unha mala política en materia de formación profesional por parte da Xunta de Galicia, isto é aínda máis grave na nosa cidade, que é a primeira cidade industrial de Galicia e cun enorme peso dos sectores industriais, automoción, pesca, naval e outros, fai falla necesidade de profesionais, e eses profesionais deben de saír da Formación Profesional, polo tanto, esta moción que si lle interesa aos vigueses, que si forma parte da actuación política que se debe levar dende o goberno de Galicia, esixe claramente que é necesario un Plan de choque, que é necesario un campus da Formación Profesional nesta cidade e que hai que deixar de enganar, hai que deixar de enganar aos vigueses co que se estaba dicindo sobre o campus, e hai que deixar de enganar a outra cidade á que teoricamente vaise levar un campus da FP porque é mentira, porque todo isto, e aínda o demostra máis ausencia do Partido Popular, o único que se pretende é enganar aos vigueses como se lle engana con centro de saúde de Bouzas, e con tantas outras cousas.

SR. PÉREZ CORREA: Sobre as cuestións da asistencia ou non ao Pleno, eu me remito ao Regulamento do Pleno que vostedes aprobaron, nós votamos en contra,

que hai un deber de asistencia e no caso de non poder vir, é certo que é máis un dereito que deber, pero fala que as ausencias dos concelleiros no termo municipal que excedan dos 15 días serán postas en coñecemento do Alcalde e por escrito, pero tamén di, “os concelleiros están obrigados á asistencia ás sesións do Pleno e aqueles órganos colexiados dos que formen parte, salvo causa que o impida e que comunicarán con antelación necesaria ao secretario xeral”, estarán de acordo con nós que facer que facer unha rolda de prensa cun director xeral poderá ser ás 10 horas ou pode ser máis tarde, polo tanto, é unha cuestión de respecto á institución, os Alcaldes pasan, os plenos permanecen, creo que ese debate por favor que se teña nesta cidade porque ademais é de maneira orquestrada que onte na previsión da prensa xa se poña as 10 da mañá un evento que con todo o respecto podería celebrarse a posteriori porque cremos que o Pleno é máis importante que calquera rolda de prensa ou que calquera axenda de prensa que haxa enriba da mesa, obviamente sempre hai causas de forza maior que non é este caso, polo tanto, respecto ao Pleno se queremos ir a aquela gran película, “Amanece que no es poco” que todos somos continxentes menos o Alcalde que é imprescindible pero eu creo que non cremos nesa tese, pero para falar disto que ademais ten que ver tamén co pouco respecto que se lle ten ás administracións locais, non utilicemos o debate competencial de maneira oportunista e menos este Concello, porque este Concello, hai outros que non lle queda máis remedio que asumir competencias doutras administracións por negligencias das mesmas ou por ausencia e ademais hai un consenso do Partido Socialista e do resto das forzas políticas que os Concellos asumen un 40% do gasto que non lle corresponde, exemplos de aquí, vostedes tiren do seu orzamento do 2019 e lle poño algúns sangrantes, porque as competencias en materia de educación dos concellos que son moi pequenas e que teñen que ver máis coa estrutura, co mantemento de determinados centros educativos, con cousas moi pequenas, vostedes as dinamitan dando 1 millón de euros en bolsas de inglés que non é unha competencia municipal eu non estou en contra, pero non me digan vostedes que as cuestións competenciais entre administracións públicas non se resolven, ademais sempre se resolven outra vez coa figura do convenio entre administracións públicas que é para o que se creou o convenio, o convenio para as administracións públicas, o outro é o concurso público e a concorrência, vostedes

ao mellor priorizan os convenios con entidades, pero deberían priorizar esta cuestión e a cuestión de Zona Franca, nesta cidade, eu se fora un xurista de Zona Franca estaría a punto de frenopático, porque cada vez que hai un cambio na Zona Franca cambian as competencias, un día as competencias son unhas, competencia de Zona Franca é o xoves votar unha man a abrir un casino nun centro comercial da súa titularidade iso é unha competencia, vostedes decidirán que iso é unha competencia, a min me parece que Zona Franca debería priorizar un retorno económico precisamente como vostede dixo, para industria, para os sectores produtivos e non para ese mecanismo que é o xogo de azar que está arruinando a miles de familias no conxunto do estado español, se queremos falar de competencias nalgún momento alguén de Zona Franca dixo que era posible poñer recursos económicos para o campus de FP, e terá que haber algún informe, non o sei porque nós estamos sistematicamente excluídos de Zona Franca, pero imos preguntalo no Congreso dos Deputados que aí si que podemos preguntar, nalgún momento alguén tivo que facer un informe dicindo que Zona Franca poderían colaborar nese campus da FP e ten que haber un cambio da persoa menos importante da Zona Franca que é o delegado, é máis importante o que fai o informe que di exactamente se se pode ou non levar adiante unha actuación, é máis importante quen pon os recursos económicos, e unha cuestión política anular un acordo que existía, pero non entremos en que non é competencia de Zona Franca, que lle podemos poñer ás Zonas Francas deste país en que se meten e en que no se meten, dende a Zona Franca de Cádiz que fai campos de fútbol e que fai hoteis ata a Zona Franca de Barcelona que participa nas cousas máis peregrinas que vostede se pode imaxinar, polo tanto, non é unha cuestión de competencia é unha cuestión política e o outro día estaban tódolos os directores dos centros de FP de Vigo, saían nun medio de comunicación preocupados por esta cuestión, esta cuestión estaría resolta se non houbera unha decisión política de Zona Franca, estaría resolta, e ademais estaría resolta dende o punto de vista que Zona Franca si que ten capacidade de poñer os cartos enriba da mesa e retar á Xunta de Galicia que estaría mareando co campus de FP que efectivamente nunca foi unha cousa real e seguramente sería unha maneira de tensionar á Xunta de Galicia que si que ten competencias para poñer o resto e levar adiante o proxecto, non sei se que vai a facer en Ourense porque a figura do Sr. Baltar non nos da ningún tipo de

tranquilidade á hora de afrontar estas infraestruturas, pero o que temos claro é que a Xunta de Galicia agora ten un argumento político para non poñelo en Vigo, e é botar a culpa ao Concello de Vigo ou á Zona Franca e xogar con esa dinámica que ao final o que vai facer que ese plan da FP non vala para nada.

SR. LÓPEZ FONT: Outra vez sorpréndeme moito a súa intervención, a verdade é que me sorprende porque certamente o ámbito de competencias é un ámbito que hai que respectar, e se non estamos de acordo en que a Formación Profesional e a Educación corresponde á Xunta de Galicia, pois certamente mal imos, e pensar que dende a Zona Franca se podería asinar un convenio coa Xunta de Galicia para un centro de Formación Profesional, só obedece ao maquineismo político do Partido Popular porque é verdade que hai unha forma de actuar en política e por exemplo o Presidente da Deputación de Ourense o Sr. Baltar, que da aos concellos ao seu libre antollo é verdade que si pode ir creando centros de Formación Profesional, aquí as competencias están moi claras e as competencias de Zona Franca non cambian porque cambie o delegado, o que está facendo o Delegado actual de Zona Franca é aplicar a legalidade, e unha vez revisadas as actuacións en relación con este tema comprobouse que era unha operación política de mentira, unha operación política absolutamente falsa que non se correspondía coas competencias de Zona Franca, polo tanto, aquí non vale comparar, aquí o que vale é reivindicar unha educación igualitaria, o que vale é reivindicar o que a Xunta de Galicia debe de asumir as súas competencias e xa comparalo co tema das bolsas de inglés, pois certamente resulta apuballante é verdade que esta administración é da que máis demandan os cidadáns en primeira instancia, e é verdade que esta administración, os concellos, é en especial este tivo que asumir competencias porque outras administracións que debían non as asumiron, pero iso vai no debe daquel que non o asume, neste Pleno debatemos a teleasistencia, que a Deputación provincial de Pontevedra do Sr. Louzán, abandonou, debatemos moitas cuestións que outras administracións e en especial a Xunta de Galicia lexislaron para que os demais pagasemos e para que os demais nos encargásemos, polo tanto, creo que aquí neste Pleno é onde hai que facer a defensa, primeiro da autonomía local, segundo do que nos corresponde, pero dende logo pechar filas e pechallas ben co que lle corresponde á Xunta de Galicia e

non perdernos no ámbito competencial, está en xogo un modelo de educación de Formación Profesional que poida dar saída ao que realmente necesitan os nosos mozos para entrar nese mercado de traballo, isto é o que reivindicamos, isto é ao que ten que dar resposta a Xunta de Galicia e o resto son fogos de artificio porque o verdadeiramente importante é que o presidente da Xunta de Galicia e o seu goberno cumpran co artigo 31.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos dezaseis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2019 (Rex. Nº 1960/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(6).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A QUE RETIRE A SÚA PROPOSTA DE UBICAR A BIBLIOTECA DO ESTADO NOS EDIFICIOS DOS XULGADOS, ASÍ COMO APOIAR O COMPROMISO DO MINISTERIO DE CULTURA DE CONSTRUIR UN EDIFICIO EMBLEMÁTICO E SINGULAR PARA ALBERGAR ESA NOVA DOTACIÓN. EXPTE. 1961/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2019, número 1961/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Como consecuencia das xestións realizadas polo alcalde desta cidade ante o Ministerio de Cultura, existe un compromiso explícito de levar a cabo un proxecto durante tanto tempo demandado: o da Biblioteca do na nosa cidade.

Unha Biblioteca que, por fin, de resposta ás necesidades e aspiracións dos cidadáns de Vigo e a súa área de influencia. Una Biblioteca no concepto actual do termo, onde o depósito e xestión das publicacións sexa so unha parte dunha actividade poliédrica, para converterse esencialmente nun auténtico centro e espazo para a cultura en todos os seus ámbitos e concepción

E para facer posible esta realidade, se precisa duna edificación en consonancia con este concepto actual de biblioteca.

Para Faulkner-Brown, o edificio da Biblioteca debe ser: flexible, compacto, accesible, ampliable (extensible), variado na súa oferta de espazo, organizado, comfortable, seguro, constante e económico.

Pero ademais destes requerimentos funcionais, o edificio dunha biblioteca actual, debe ser desde o punto de vista arquitectónico unha auténtica seña de identidade e de referencia, que poña en valor a súa función, pero tamén o ámbito xeográfico e poboacional onde se sitúa.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos os seguintes:

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a que retire a súa proposta de ubicar a Biblioteca do Estado nos edificios que actualmente albergan os vulgados
- Instar á Xunta a que apoie o compromiso do Ministerio de Cultura co alcalde de Vigo de construír un edificio emblemático e singular para albergar esa nova dotación cultural."
- Instar ao presidente da Xunta a que deixe de boicotear os grandes proxectos desta cidade."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Mantéñome no que dixen anteriormente con respecto á covardía política dos que non están pero algo máis, hai covardía política dos que non están pero segue gravando a súa cámara o que estamos desenvolvendo neste Pleno porque deben ter moito interese no que dicimos e como está a cámara voulle dicir novamente que aquí imos a discutir dos temas que lle importa aos vigueses e o

que é evidente e me reitero, na legalidade e na lexitimidade deste Pleno, e aquí en ningún momento se cuestionou ausencias e houbo ausencias por distintos motivos que poden ser dende o máis persoal ata o de enfermidade ata calquera outro, pero a función dun Alcalde de defender a esta cidade, de estar nos temas que realmente teñen importancia, non quita nin debate político aquí, nin menos preza o que aquí se pode estar falando e decidindo.

Para todos vostedes e tamén para a cámara do Partido Popular vou falar do que interesa, vou falar dun anhelos que esta cidade tiña dende hai moito tempo e que era a biblioteca do Estado, e antonte foi outro día especial e foi outro día importante para a cidade de Vigo, un máis, un día tamén importante dentro do que se está facendo nos 12 últimos anos, a visita dos técnicos do Ministerio de Cultura para ver a futura ubicación da biblioteca do Estado, é o mellor exemplo do que supuxo o cambio de goberno do Sr. Rajoy ao Sr. Sánchez, en escasos seis meses, aquela política do Partido Popular interpretada polo Sr. Rajoy e o Sr. Feijóo e polo grupo municipal ausente, denegarlle a esta cidade o que realmente merece, tornou no contrario, tornou en que as peticións e os compromisos que arranca o Alcalde de Presidente do goberno e de Ministros se executan, e esa visita confirma perfectamente o que imos a ter unha biblioteca do Estado e de que a situación cambiou, pero claro que problema temos, o problema que temos é que cando se pretende algo bo para esta cidade nos atopamos con ese Partido Popular ausente, nos atopamos cun Presidente da Xunta de Galicia que cando esta cidade reclama Biblioteca do Estado nun edificio singular por que non quere un edificio antigo que é absolutamente inviable para unha Biblioteca do Estado, sae o Presidente da Xunta de Galicia correndo a Madrid a dicirlle ao Ministro de Cultura e boicoteando o edificio que queremos nesta cidade, por iso presentamos esta moción como reafirmación do que esta cidade necesita, do que esta cidade merece, do que este Alcalde está a conseguir con este goberno e que se materializan en compromisos por parte do goberno central, polo tanto, esa pretensión do Partido Popular dunha instalación vella, que non se corresponde co que debe ser unha biblioteca moderna e un edificio funcional no que o concepto amplo de biblioteca que dicimos na nosa moción, é absolutamente indignante que un presidente de tódolos galegos boicotee a esta cidade intentando primeiro, que se faga nunha instalación que como digo non é a adecuada, segundo, que sabe perfectamente que entrar nesa

cuestión levaría a un atraso de tres anos e polo tanto poñería alfombra roxa ao que pretende, que é que non teñamos Biblioteca do Estado aquí.

Polo tanto, na nosa moción pedimos claramente primeiro, nun exercicio de reafirmación do que pasou nestes días, antonte, e segundo e moi concreto, este Pleno tense que posicionar ante o Presidente da Xunta de Galicia para que saiba que non pode boicotear o que quere decidir Vigo, e o que quere decidir Vigo, decídeo o seu goberno, o goberno lexítimo que deron os cidadáns en maio de 2015 e cando esta cidade quere un edificio singular, un edificio emblemático, quere unha instalación como outras que apoiou o Partido Popular e a Xunta de Galicia noutras cidades, un goberno que fose digno de Galicia, de tódolos galegos e especialmente dos vigueses non podería estar boicoteando a petición desta cidade.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: O día 31 de outubro do ano pasado debatíamos a instancias do goberno local unha moción que contiña exactamente os mesmos acordos que esta que debatemos hoxe, en nada mudou dende entón a posición deste grupo en non hai motivos para que cambie. Falábamos naquela altura da historia da Biblioteca Pública do Estado Anxel Casalene Santiago, unha historia que comezaba no ano 89 coa proposta do Pazo de Amarante como sede da biblioteca, que nese momento era sede dos xulgados de Santiago de Compostela, chegouse incluso a facer o proxecto pero polos diversos problemas na coordinación entre diferentes administracións fan que isto quede desbotado, no ano 95 asínase o convenio entre o Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia, para a construción dun novo edificio, gobernaba o Partido Socialista no Estado e o Partido Popular na Xunta de Galicia, pasaron 12 anos para ceder os terreos e despois iniciouse unha obra que durou dende o 2001, ano do concurso de ideas, ata o 2008, data do fin da obra, sete anos de proceso, unha vez as tres administracións puxéronse de acordo, nós queremos que a Biblioteca bote a andar canto antes, vostede tamén, polo tanto, non hai outra que dialogar entre as tres administracións e decidir cal é proxecto máis adecuado e máis rápido. Esta posición que xa tiñamos e xa expresamos aquí o ano pasado, foi reforzada onte polo secretario de infraestructuras do Ministerio de Educación, que expresou “no cabe otra posibilidad que el acuerdo entre todos superando cualquiera diferencia, esto es política de estado y hablamos de una obra que tiene que durar décadas”, se o ano

pasado criticábamos dende este grupo que non se podía iniciar un diálogo cunha moción que daquelas era denominada moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a deixar o boicot a Vigo e apoiando o proxecto de ubicación e construción da biblioteca pública do Estado en terreos municipais, pois atopámonos con esta repetición que nos acordos tamén fala de boicot e de apoio incondicional á proposta do goberno municipal cando o secretario de infraestruturas o que declarou é “el grupo enviado por el gobierno central considera que el suelo ofertado por el gobierno local es suficiente, pero deben analizar ahora su geometría y accesos para decidir si Chouzo es el lugar idóneo para esta inversión, y en caso afirmativo definir si es más conveniente optar por un edificio de nueva planta, como defienden en el ayuntamiento, o rehabilitar y ampliar algunos de los actuales edificios judiciales de la calle Lalín, es un procedimiento largo” precisou sobre o terreo o Sr. José María Mediero, secretario técnico de infraestruturas “y la intención es aprovechar este año para poder tener el mejor proxecto sobre la mesa y en función de las condiciones económicas licitar en el próximo ejercicio”. Unha vez clarexado que este ano non vai estar este proxecto nos orzamentos do Estado en vista do posicionamento perfectamente razoable do Ministerio de Cultura, ten que iniciarse xa o diálogo entre as tres administracións, e mantemos a nosa proposta expresada xa o ano pasado, podería ser que a Biblioteca do Estado estivera no antigos Xulgados, cun proxecto ben situado e cun proxecto de rehabilitación singular e que os terreos municipais se usaran para a construción dunha nova ubicación para o colexio Altamar, que por certo, desapareceu nesta nova moción, ao que podería sumarse unha nova edificación para usos culturais e dotacións. Este grupo municipal apoiará sempre un proxecto serio para a Biblioteca do Estado, cuestión que non poderá ser feita sen a coordinación e o diálogo entre diferentes administracións e esta moción non pide diálogo, en todo caso, nós fixemos xa, xa rexistramos no Congreso de Deputados de Madrid unha batería de preguntas para clarexar estas cuestións porque aquí está sucedendo o de sempre, unha guerra entre o Partido Socialista e a Xunta de Galicia que non clarexa nada, nin a nós nin a cidadanía, entón acabamos de rexistrar como digo unha batería de preguntas mentres que se atopa que estudos se están a facer para a construción, que posibles ubicacións se contemplan, canto será o custe e canto estará orzamentado, a previsión de prazos,

que non queda nada clara e que partidas orzamentarias se destinarán a esta obra e os prazos para facelo.

Así que, moción repetida, posición repetida, nós estamos polo diálogo entre as administracións porque é imprescindible para este proxecto, sen acordo entre a Xunta de Galicia e o goberno desta cidade non se vai a poder acometer esta obra, e que nos pida a nós que fagamos unha adhesión incondicional ao seu proxecto, pois non, sen un estudo previo vai ser que non.

SR. LÓPEZ FONT: Non, isto non é absolutamente ningunha guerra Sr. Jácome, isto é unha defensa da cidade, dun proxecto necesario para esta cidade, que estamos seguros que todos estamos de acordo en que é absolutamente necesario e cando di si algo cambiou, si claro que cambiou, cambiou a reiteración do goberno da Xunta de Galicia de ir en contra desta cidade e cando alguén atenta gravemente contra a independencia desta cidade non é ningunha guerra, é unha defensa das posicións desta cidade, polo tanto, o proceso foi moi sinxelo, fai vostede mención a parte do proceso e é que cando chegou o Sr. Rajoy ó goberno anulou a partida e punto, e neste momento hai unha ruta marcada perfectamente sobre os terreos nos que se pode facer e ademais permítame que llo diga, cando vostede fala de que sería necesaria unha biblioteca do Estado o máis rápido posible precisamente o que propoñemos é a vía máis rápida, a simultanear o que xa estamos a traballar no plano especial de infraestruturas e dotacións que pode levar oito ou nove meses, e que o Ministerio porque antonte dixo moitas máis cousas eles xa van elaborando o proxecto, polo tanto, podemos estar nunha situación perfecta económica e dende o punto de vista construtivo de que a principios do ano que ven, se estea licitando, por contra o que propón veladamente a Xunta de Galicia iría a tres anos e fálame vostede de política de Estado, canto estrano eu a política de estado, oxalá o Sr. Feijóo e a señora que era conselleira con el de Economía e que fixeron un informe en media hora sobre un hospital privado oxalá houberan tido política de Estado, oxalá, oxalá dixeran a esta cidade si queríamos un hospital público ou un hospital privado, polo tanto, quen exerce de negativa sobre a política de Estado é o presidente da Xunta de Galicia, nós diálogo si pero sabe o que que pasa no diálogo? Que cada un ten que mostrar as súas cartas e a pregunta que eu ía facer aquí ao Partido Popular se non se houbera marchado era que digan por

que queren o edificio antigo, por que non queren un edificio novo cando o edificio antigo pode valer para outras dotacións e niso gaña perfectamente a cidade, iso é o que se tería que ter respondido, polo tanto, nos reiteramos en que é sitio idóneo, que esta cidade necesita un edificio singular que é a vía máis rápida e que cando se fala de diálogo que falen con nós pero basicamente que respecten as decisións deste goberno.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2019 (Rex. Nº 1961/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

7(7).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 516/1102 (REXISTRO PLENO 1954).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 516/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

8(8).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 517/1102 (REXISTRO PLENO 1955).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 517/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

9(9).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO A COMPARECENCIA DA 1ª TENENTE DE ALCALDE PARA DAR EXPLICACIÓNS POLÍTICAS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DA SRA. FALQUE BARRAL. REXISTRO PLENO 1958/1101.

Retirada por atoparse ausentes os membros do grupo municipal do Partido Popular.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

10(10).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á ASISTENCIA DA ASOCIACIÓN ELITE TAXI AO CONSELLO SECTORIAL DE TRANSPORTE.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que se inclúa dentro das convocatorias do Consello Sectorial de Transporte á asociación ELITE TAXI porque é unha asociación representativa, presentou alegacións ás tarifas do taxi e ademais está rexistrada no Concello, creo que cumpre tódolos criterios para que estea dentro do Consello Sectorial de Transporte.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

11(11).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO ESTADO DO EXPEDIENTE SANCIONADOR Á CONCESIONARIA DORNIER.

SR. PÉREZ CORREA: Queríamos preguntar e se é posible que se nos responda por escrito, cal é o nivel de instrución do expediente sancionador da Concesionaria Dornier por incumprimento do contrato, esas declaracións que se fixeron, se se está a seguir o trámite e cal é ese trámite.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e doce minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.